

informa TEO

URBANISMO Teo recorrerá as resolucións da Xunta sobre a canteira da Casalonga

O Concello de Teo recorrerá as resolucións da Xunta de Galicia sobre a canteira da Casalonga. Isto é así porque a Xunta aprobou no mes de agosto a resolución de autorización do Plan de restauración da concesión da explotación Casalonga número 6996 e a resolución pola que se declara a necesidade de ocupación para os traballos da devandita empresa. Na práctica, supón expropiar a pista municipal que cruza o espazo da canteira. Por iso, o Concello está a analizar as resolucións para preparar a correspondente reclamación xudicial.

Dende o Goberno municipal destacan que, unha vez máis, a Xunta actúa en favor dos intereses da empresa, cunha folla de ruta e uns tempos marcados, mentres menospreza ás outras partes implicadas: veciñanza e Concello. Ademais, aseguran que isto “xa sorprende pouco e só nos reafirma na necesidade de “manernos firmes na loita contra os atropelos”. Por iso, defenderán a titularidade da vía, que a Xunta quere expropiar para facilitarlle as cousas a Toysal e tamén se recorrerá a aprobación dun Plan de restauración “que carece das mínimas garantías dunha tramitación administrativa axeitada”.

Facilitar a impunidade da empresa

A pretensión da Xunta de “converter” a vía municipal nun viario privado a favor de Toysal ten a intención de facilitar que a empresa poida actuar con máis impunidade. O feito de que exista un viario municipal na zona en ningún caso impide a actividade mineira pero o feito de tentar eliminalo facilitaría que a actividade que se vaia realizar aló teña menos control externo. O Concello segue defendendo que ese camiño se lle outorgou a través da concen-



tración parcelaria, cuxo título se pode ver na web municipal. Ademais exerceu como titular desa vía realizando traballos de mantemento e defenderá isto nos tribunais para impedir a súa expropiación.

Dende o Goberno de Teo califican “de burla” a aprobación do Plan de Restauración: “non se trata dun novo documento coa conseguinte Declaración de Impacto Ambiental se non que se fai unha actualización do plan da anterior concesionaria da explotación”. Trátase dun documento de hai case vinte anos que non atende nin á situación presente nin ás condicións actuais da zona. Dende a Concello defendeuse sempre que un Plan de restauración de Toysal debe tramitarse cunha Declaración de Impacto Ambiental, algo do que a empresa escapa e para o que conta coa complicidade da Xunta de Galicia. Toda a documentación pódese consultar en teo.gal e no portal de transparencia da Xunta •

O Goberno municipal xa non se “sorprende” e se reafirma na necesidade de “manernos firmes na loita contra os atropelos”

EMPREGO Emprégate APP forma a 16 mozos/as en creación de aplicacións para móbiles

Ao remate da formación, o alumnado poderá traballar como técnico en data mining ou programador de aplicacións de xestión



Un total de 16 alumnos/as e traballadores/as, de entre 16 e 30 anos de idade, participan no obradoiro de emprego de garantía xuvenil “EMPRÉGATE APP”, que se imparte dende o pasado 16 de agosto na aula de formación da Casa Común de Oza. Un taller formativo dirixido a mozos e mozas incluídos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en Galicia.

Durante os próximos 12 meses, a rapazada participante aprenderá a crear aplicacións para dispositivos móbiles orientadas tanto á promoción turística da nosa contorna como á información e comunicación dirixida ás persoas usuarias. Cunha duración de 1.920 horas, este curso permitirá ao alumnado

traballar como técnico en *data mining* (minería de datos) e programador de aplicacións de xestión.

Máis da metade das persoas participantes neste obradoiro son residentes no propio concello de Teo, entre persoal docente, administrativo e alumnado, o cal supón un valor engadido para o propio territorio municipal.

O importe total do obradoiro é de 419.492 euros, dos que 50.000 euros se financian con fondos propios e o resto mediante unha subvención da Xunta de Galicia. O Concello de Teo é a entidade promotora desta iniciativa, en colaboración cos concellos de Boqueixón e de Vedra •

Ilustración de Ruth Caramés en Nós Diario

APRENDÍN A FALAR ÉUSCARO, PERO O GALEGO CÚSTAME...

FALAMOS UN ESPAZO PARA COIDAR A NOSA LINGUA

Queremos o cinema tamén en galego!

Ata a folliña do millo sabe tamén picardía:

*garda o orballo da noite,
para beber polo día*

#labirintodemillo.

Xornadas “entre mazarocas” no labirinto de millo da Torre

A concelleira de Turismo, María López, inaugurou este verán un labirinto deseñado nunha finca labrada para que crianzas e maiores gocen dunha actividade en contacto coa natureza e dunha xornada “entre mazarocas”.

A leira de millo representa unha homenaxe a todas as persoas, coidadoras do sector agrario e gandeiro galego, e visibiliza que, ademais da utilización propiamente forraxeira desta planta, é tamén un espazo para o xogo e o ocio.

As persoas que se acheguen ao labirinto encontrarán unha parcela de arredor dunha hectárea plantada a millo, á que poderán acceder de forma libre e gratuíta, cunha entrada e carreiros intercomunicados no seu interior que levarán a unha única saída. Ademais, contará con baños públicos nas inmediacións.

Ademais, nas fins de semana, na entrada ao recinto, haberá servizo de cantina: os venres entre as 16 e as 20 h e sábados e domingos de 12 a 20 h. Tamén se habilitará unha zona para que as persoas poidan desfrutar dunha merenda campestre.

Escapa do labirinto

Igualmente, os xoves e venres de setembro haberá unha *escape room*. Os días 9, 16 e 23 en horario de 18:30 a 20:30 será para público familiar e os venres 10, 17 e 24 en horario de 20:00 a 22:00 h, para público adulto. A inscrición poderá facerse a través da web turismo.teo.gal, no apartado de actividades.



E dende o programa Apego programouse unha festa no labirinto, o sábado 18 de setembro, para familias con crianzas de 0 a 6 anos. A actividade, de balde, precisa inscrición previa, a partir do 10 de setembro, por orde de entrada: enviando o nome completo das persoas asistentes e DNI, caso de telo, ao enderezo-e lingua@teo.gal.

Os xoves e venres de setembro haberá unha ‘escape room’ tanto para público familiar coma adulto

Emprazamento

O labirinto de millo sitúase nun espazo rural no lugar da Torre, en Cacheiras e pode encontrarse a través da aplicación de Google Maps. Para máis información sobre o labirinto pode acceder á web de Turismo, ás RR.SS. de Turismo ou no teléfono 698 186 891 •

EDUCACIÓN E CULTURA

Lote de libros valorados en 3.000 euros

A concelleira de Cultura, Mayte Argibay, e o bibliotecario municipal, Alberto Llano, presentan as novas adquisicións que se fixeron para as bibliotecas municipais. Un montante de 3.000 euros investidos na adquisición das últimas novidades editoriais, polo que animan á veciñanza a que se achegue ás bibliotecas, á Mediateca do Grilo en Cacheiras e á Biblioteca dos Tilos para poder desfrutar delas. A Biblioteca municipal de Teo é un servizo público que pretende converterse nun espazo de promoción da lectura e da educación da cidadanía, dentro do marco da igualdade e a diversidade social.



O Concello oferta un novo servizo de conciliación para as tardes

O Departamento de Benestar ten aberta a inscrición nos programas de conciliación que se ofertan nos colexios: o servizo de madrugadores 'Teo Madruga' e o 'Teo Coida', que se pon en marcha por primeira vez para atender polas tardes. "Dende o Concello facemos un esforzo para atender unha demanda crecente das familias e neste ano a conciliación de tarde funcionará nos colexios de Calo e Os Tilos", explica Ignacio Iglesias, responsable de Benestar.

'Teo Madruga' ofértase nos tres CEIPs (Calo, Os Tilos e A Ramallosa) todos os días do período lectivo, en horario de 07:30 horas ata o comezo das clases. Hai dúas modalidades de usuario/a: Fixo, con matrícula para todo o curso, aínda que non use o servizo todos os días; e Ocasional, para días soltos e sempre que haxa prazas. O custe do servizo fixo é de 40 €/mes (50 se inclúe o almorzo). Os usuarios ocasionais terían que aboar 3,5 €/día (4 se inclúe o almorzo). O Concello ofrece exencións e bonificacións que se poden consultar na web ou nos Servizos Sociais (881.819.356).



Conciliación de tarde

Este ano arrancará tamén a conciliación de tarde. No colexio dos Tilos ofértase o 'Teo Coida 1', en horario de 14:00 a 15:15 horas, para alumnao que non ten praza no comedor.

Pola súa banda, o 'Teo Coida 2' funcionará nos Tilos e en Calo dende o remate do comedor ata as 18:00 horas. O custe do 'Teo Coida' é de 40 euros ao mes, habendo tamén bonificacións e exencións •

A ficha de inscrición pode descargarse na web municipal e entregarse, xunto coa documentación, no Rexistro do Concello ou por Sede electrónica

Teo participa nunha nova limpeza de ríos

O Concello de Teo volve participar, a través do programa de voluntariado medio ambiental, na limpeza simultánea de ríos en Galicia do 26 de setembro, coordinada pola asociación galega Adegas. Trátase dunha iniciativa que este ano celebra a súa catorce edición e que permite visibilizar a problemática medio ambiental dos ríos.

O Concello súmase un ano máis a esta actividade cunha xornada na que o voluntariado colaborará na conservación das arterias de vida que son os ríos. O río no que se vai realizar a actividade será o Rego das Laxes e o hora-



rio da limpeza será entre as 11:00 e as 12:30 horas. As persoas interesadas en participar poden apuntarse no correo voluntariado@teo.gal, onde lle indicarán o punto de encontro e o equipamento preciso •

CULTURA Teatro de integración, novidade

A oferta de actividades culturais para o curso 2021-2022 desenvolverase no Auditorio, no pavillón de Calo, na Casa Común dos Tilos e nas escolas de Ameneiro e Tras do Eixo. Con respecto a anos anteriores mantense a oferta danza contemporánea, artes plásticas, guitarra e teatro para adultos. Ademais, haberá programación e deseño de videoxogos, robótica e intelixencia artificial e ofimática e mecanografía.

A novidade é o Teatro de integración, un obradoiro dedicado á integración da neurodiversidade para persoas de 10 a 14 anos. O xogo dramático facilitará que o alumnado acade un desenvolvemento íntegro e global, potenciando as súas habilidades sociais, cognitivas e emocionais •



O prazo de inscrición nas Escolas Culturais e Deportivas Municipais estará aberto do 6 ao 17 de setembro, no Rexistro do Concello ou a través da Sede Electrónica. O número de prazas variará en función das normas sanitarias en vigor. A matrícula terá un custo de 60 € anuais e consta de tres trimestres. Se hai prazas libres nos seguintes trimestres, abrirase un novo prazo de inscrición. O pago debe realizarse entre o 24 de setembro e o 1 de outubro.

DEPORTES Deporte para todas as idades

A programación de escolas deportivas municipais mantén unha ampla oferta que xeograficamente está distribuída polo municipio en instalacións nos Tilos, A Ramallosa, Calo e Ca-chairas.

A rapazada poderá elixir entre baloncesto, billar, judo, karate, kickboxing, natación, pádel, patín, rugby e fútbol americano, skate, taekwondo, tenis, tiro con arco e xadrez. Pola súa banda, a oferta para persoas adultas inclúe aeróbic, billar, kickboxing, pádel, taichí, tenis, tiro con arco e a ximnasia.

Para máis información pode contactarse co Departamento de Deportes, en deportes@teo.gal, ou co Concello de Teo: 981 815 700 •



TURISMO O Monte Piquiño, un museo do ar libre

Mámoa con coiraza pétreo no Monte Piquiño en 2006. Arquivo Municipal (doazón Darío Peña)



A interesante asociación entre túmulos e petróglifos do Piquiño converten a área arqueolóxica nunha das zonas de estudo máis interesantes da Prehistoria galega. Unha penicheira de gran valor cultural e paisaxístico, conta con 33 mámoas, 10 petróglifos e dúas referencias sobre dous círculos líticos nos sitios da “Costa de Guindín” e “A Lagoa”. Porén, este feito non impediu que estivera, e aínda fiquen, ameazada pola construción dun parque eólico proxectado nesta zona situada entre as parroquias de Luou, Rarís e Lampai.

A primeira ruta homologada de Teo, a PRG 238, sinalizada e acondicionada, marcou o primeiro paso no proceso de valoración social deste espazo. A veciñanza e milleiros de sendeiristas poden agora gozar das ribeiras do Angueira, dos petróglifos e das vistas panorámicas sobre o val do Ulla.

Posta en valor do enclave

O patrimonio cultural está presente e o futuro pasa por seguir apostando pola protección e posta en valor deste singular enclave cultural. O arqueólogo R. Sobrino Lorenzo–Ruza, un dos “pais” da arqueoloxía galega, deu a coñecer os primeiros túmulos e petróglifos dos Outeiros e Chans do Piquiño a mediados da pasada centuria. Seguíronlle as descubertas dos petróglifos de Cornide da man doutro persoeiro relevante na historia teense: o escultor e restaurador da Rúa de Francos, Alfonso

Sanmartín, que xunto co arqueólogo Fernando Acuña Castroviejo publicarían datos destes excepcionais xacementos nun artigo da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (1969).

Xa nas últimas décadas, novos petróglifos foron localizados pola propia veciñanza que emprega o Piquiño para os seus paseos cotiáns. Foi o caso dos petróglifos do Meau e do Troño da Raíña (José Barral e Álvaro Parajó). Os inventarios patrimoniais previos á Concentración Parcelaria de Calo (Adobriga) e do PXOM (Arkaios) tamén proporcionaron importantes achados. Seguíronlle os traballos académicos sobre Outeiro do Corno (2004), Río Angueira (2011) e Pena Bicuda de Loureiro (2016) do Departamento de Historia 1 da USC que testemuñan a relevancia destes petróglifos dentro do Grupo Galaico da Arte rupestre, tanto pola diversidade como pola excepcionalidade dos motivos representados.

Finalmente cómpre destacar o traballo da Asociación Cultural Teense “Colectivo A Rula” en relación co achado dos últimos petróglifos así como polo labor de difusión e divulgación entre a veciñanza e o alumnado, dando continuidade ao labor iniciado pola Asociación Cultural da Mámoa de Luou e polo Colectivo Ollarte. Este ano celébrase a VIII Andaina nocturna aos petróglifos teenses, que organiza o citado Colectivo e a Concellaría de Cultura. O Monte Piquiño protagonizou unha das xeiras •

AXENDA DAS ASOCIACIÓNS 2021/2022

*As actividades culturais das asociacións son orientativas, ao igual que os seus horarios e emprazamentos. Poden sufrir cambios e modificacións. En todo caso todas estarán adaptada ás normativas en vigor da COVID-19.

Rosalía de Castro

ESCOLA DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAIS

Baile tradicional. A partir de 4 anos. Sábados pola mañá.

Pandeireta. A partir de 4 anos. Sábados pola mañá.

Gaita e percusión. A partir de 7 anos.

A presentación das escolas será o segundo sábado de setembro pola mañá no local da asociación. Os horarios acordaranse a principios de setembro.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS ADULTAS

Baile tradicional, gaita, pandeireta, percusión (tambor e bombo) e acordeón. Os horarios e prezos destes cursos coñeceranse en setembro.

Consultar en: asociacion@rosaliacacheiras.org

bandaculturaldeteo.com

A Mámoa

Música e percusión tradicional. Escola: sábados de 10:00 a 12:45 h, por idade e nivel. Grupo: sábados de 13:00 a 14:00 h.

Baile tradicional. Escola: venres de 17:00 a 21:00 h, por idade e nivel. Persoas adultas: venres de 21:00 a 23:30 h, por nivel.

Pandeireta. Escola: venres de 17:00 a 21:00 h, por idade e nivel. Persoas adultas iniciación: venres de 20:00 a 21:00 h. Grupos: luns, martes e mércores, por idade e nivel.

Coral polifónica. Martes e xoves de 21:30 a 23:00 h.

Correo electrónico: acamamoa@gmail.com

Arc Os Tilos

CONCILIACIÓN

Espazos lúdico-educativos con xogos e obradoiros.

De luns a venres de 16:00 a 20:30 horas. Horario ampliado de 15:00 a 20:30 horas. Actividades específicas para nenos e nenas desde os 3 ata os 12 anos. Comezo en setembro.

CLUB DE MAIORES

Espazo con actividades de envellecemento activo.

De luns a venres de 16:00 a 19:00 h. Maiores de 60 anos. Desde setembro.

ACTIVIDADE DE INGLÉS

De luns a xoves. Consultar horarios na A.R.C. Os Tilos. Para alumnado dos cursos de Primaria e de Secundaria e para persoas adultas. Comezo en setembro.

ACTIVIDADE DE PILATES

Os martes e os xoves. De 19:30 a 20:15 h ou de 20:30 a 21:15 h. Para persoas adultas. Comezo en outubro.

ACTIVIDADE DE GUITARRA

Venres. A partir de 6 anos: de 16:00 a 17:00 h, de 17:00 a 18:00 h ou de 18:00 a 19:00 h. Persoas adultas: de 19:00 a 20:00 h. Comezo en outubro.

ACTIVIDADE DE PINTURA PARA NEN@S

Venres. De 17:00 a 18:00 h ou de 18:15 a 19:15 h. De 3 a 11 anos.

CAMPAMENTOS URBANOS

Nos períodos de vacacións escolares.

De 7:30 a 15:30 h. Posibilidade de ampliación horaria. Nas instalacións da asociación. Para nenos e nenas a partir dos 3 e ata os 15 anos. Máis información: 617 177 492 (de 16:30 a 21:00 h), en campamento@arcostilos.org ou na sede, con cita previa.

A Ponte Vella

Música tradicional. Gaita, acordeón e percusión. Martes no tramo de 19:15 a 23:00 h, con horario segundo idade e nivel.

Baile tradicional, grupo oficial. Xoves de 22:00 a 23:30 h.

Baile tradicional, escola. Sábados no tramo de 16:00 a 20:30 h. Horarios por idade e nivel.

Pandeireta, grupo oficial. Mércores de 21:30 a 22:30 h.

Pandeireta, escola. Sábados no tramo de 16:00 a 20:30 h. Horario segundo idade e nivel.

Iniciación á pandeireta para persoas adultas. Mércores, 20:00 a 21:00 h.

Zumba. Luns de 21:30 a 22:30 h.

Ximnasia para persoas adultas. Luns e mércores de 20:30 a 21:30 h.

As clases poden experimentar cambios segundo o número de persoas anotadas.

Máis información en www.apontevella.es

AAVV A Carballeira de Francos

A programación desta entidade inclúe: **pilates, manualidades, labores e zumba.** Estas catro actividades teñen pendente de concretar os días e os horarios. Información en avcarballeirasm@hotmail.com

SRS Xoán de Calo

ESCOLA DA BANDA DE MÚSICA

Xoves e venres polas tardes.

Vento-madeira: frauta, clarinete e saxofón.

Vento-metal: trompeta, trombón, bombardino, trompa e tuba.

Percusión.

Música e movemento: actividade de iniciación musical para nenos e nenas de 3 a 6 anos.

ESCOLA TRADICIONAL

Gaita e percusión persoas adultas. Horarios por determinar.

Requinta. Horarios por determinar.

Gaita e percusión nenos/as: sábados pola tarde.

Baile nenos/as: sábados pola tarde.

CORAL POLIFÓNICA

Horarios por determinar.

DEPORTES

Sesións de preparación dos equipos das distintas categorías de idade de fútbol e fútbol sala da S.R. Calo. Fútbol masculino e feminino.

Máis información: cultura@srcalo.com e srcalo@srcalo.com

Cruceiro do Monte

Esta entidade con sede en Solláns programa: **canto coral, traballos manuais, labores e bordado, curso de encaixe, gancho e encaixe, pandeireta, cestería de vimbios, ximnasia de mantemento e calceta.** Información: 677 242 766 / 981 806 391.

Banda de Música Cultural de Teo

A Banda de Música Cultural de Teo ofrece **clases individuais de instrumento:** clarinete, frauta, percusión, trompeta, trombón, bombardino, saxo e tuba. As clases impártense os venres pola tarde e os sábados pola mañá. Os horarios concretaranse en setembro.

Música e movemento: nenos/os de 3 a 6 anos. Sesións grupais os venres polas tardes.

Linguaxe musical: nenos/os a partir de 7 anos. Sesións grupais os venres polas tardes.

Banda infantil: venres ás 19:15 h.

Banda xuvenil: venres ás 20:00 h.

Máis información no 666 274 791, bandaculturaldeteo@yahoo.es e en www.bandaculturaldeteo.com

AXENDA

Setembro de 2021



Martes

Asesoramento sobre a factura eléctrica.

De 10:00 h a 12:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello.

Venres

Mercado en Cacheiras.

Sábados

Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

4 Sábado. 12:00 h. **Ruta da Batalla de Cacheiras.** Visitas teatralizadas para un público familiar (2 km) o **4 e 11 de setembro.** Visitas para un público adulto (8,7 km) o **18 e 26 de setembro.** Inscripcións en turismo.teo.gal.
18:30 h. **Concerto familiar Radio Bule Bule** con Paco Nogueiras. Campo festa.

5 Domingo. Mediodía. **Concerto Banda Música S.R. San Xoán Calo.** Campo festa Solláns-Calo.

9 Xoves. Mediodía. **Concerto Banda Música S.R. de San Xoán de Calo.** Campo festa.

18:30 h. **Rilo&Penadique: O Pozo das Señoras.** Actuación familiar. Campo da festa de Ameneiro - Calo.

10 Venres. 19:00 h. **Baobab Teatro: Ás para Álex.** Público familiar. Auditorio Constante Liste.

20:30 h. **VIII Andaina guiada nocturna ós Petróglifos teenses:** Gravados na Fraga. Inscripcións en entradascultura@teo.gal ou no 981 94 10 63.

11 Sábado. Mediodía. **Concerto da Banda Cultural de Teo.** Exterior da igrexa de San Xoán de Recesende.

21:00 h. **Noites de observación astronómica** no patrimonio arqueolóxico. Pedra Bicuda - Luou. Inscripcións no 981 94 10 63 ou entradascultura@teo.gal.

14-28 Martes. **Obradoiro Intervención asistida con cans para fomentar a autoestima.** CIM. Dirixido a mulleres. Inscripcións: 981 93 84 75 ou cim@teo.gal.

17 Venres. 19 h. **Lilâ Teatro: Duncan de paleiro.** Público familiar. Auditorio Constante Liste.

22:00 h. **Monifates no camiño.** Actuación musical. Campo da festa de Ribas - Oza.

18 Sábado. **Festiña do Apego.** Para crianzas de 0 a 6 anos e familia. Labirinto de millo da Torre. Inscripcións a partir do 10 de setembro, enviando o nome completo das e DNI, no caso de telo, a lingua@teo.gal

19 Domingo. Mediodía. **Concerto da Asociación Banda de Música Cultural de Teo.** Campo da festa de Ribas - Oza.

21-28 **Obradoiro de conservas e marmeladas.** De 17:00 h a 20:00 h. Local da asociación de Mulleres Rurais de Teo Bamonde. **24 setembro e 1 de outubro.** Máis información: 981 94 10 63.

24 Venres. 21:00 h. **Redrum Teatro: Un home con lentes de pasta.** Público adulto. Inscripcións: info@redrumteatro.com ou en taquilla.

20:30 h. **Contacontos Festival Atlántica: Ramona Órbita a dona do tempo con Pakolas.** A Burga de Xermeade Reis.

25 Sábado. Mediodía. **Concerto da Asociación Banda de Música Cultural de Teo.** Campo da festa de Rarís.

18:30 h. **Xogos varios para as familias con Garabato de Xogos.** Campo da festa de Rarís na Casa Común.

26 Domingo. Mediodía. **Concerto da Asociación Banda de Música da S.R. de San Xoán de Calo.** Capela dos Milagres de Cornide.